

Proposta de resolución con RESOLUCIÓN sobre a aprobación dos criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais, da Estratexia de Desenvolvemento Local do grupo de desenvolvemento rural de Galicia GDR 24 Asociación Seitura 22, Ferrol, Eume, Ortegal, Miño, Vilamaior

I. ANTECEDENTES

1. O Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (en adiante, a Axencia), na súa xuntanza do 20 de abril de 2022, acordou aprobar as bases reguladoras para a selección de organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027, para a concesión de axudas orientadas á adquisición de capacidades e para accións preparatorias en apoio do deseño de futuras estratexias de desenvolvemento local participativo para o período de programación 2023-2027, cofinanciadas polo fondo Feader, e para aprobación de estratexias de desenvolvemento local, así como a correspondente convocatoria, para as anualidades 2022 e 2023 (código de procedemento MR701F). Dito acordo publicouse mediante Resolución do 18 de maio de 2022 (DOG nº 105, do 2 de xuño).

De conformidade co artigo 18 das indicadas bases reguladoras, mediante a Resolución do 19 de setembro de 2022, a directora xeral da Axencia, por delegación do Consello de Dirección desta, seleccionou 24 organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027.

2. A Resolución da directora xeral da Axencia do 27 de abril de 2023, estableceu as condicións e os obxectivos para garantir a idónea execución do programa Leader de Galicia para o período 2023-2027, así como as regras para a elaboración das estratexias e os criterios de puntuación referidos aos territorios que se correspondan coas estratexias de desenvolvemento local que sexan seleccionadas (DOG nº 89, do 10 de maio).

Instruído o procedemento, a directora xeral da Axencia, mediante Resolución do 7 de decembro de 2023, seleccionou e aprobou as estratexias de desenvolvemento local, así como as entidades colaboradoras na intervención Leader de Galicia para o período 2023-2027. A dita Resolución foi rectificada pola Resolución do 20 de maio de 2024.

A selección quedou condicionada a que todas as asociacións adecúen os procedementos de selección de proxectos ao disposto nos artigos 16 a 21 da Resolución do 27 de abril de 2023.

AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Lugar da Barcia 56, Laraño
15897 Santiago de Compostela
T. + 34 981 547 354
infoagader@xunta.gal
agader.xunta.gal





3. A xunta directiva do grupo de desenvolvemento rural GDR 24 Asociación Seitura 22, Ferrol,Eume, Ortegal, Miño, Vilamaior aprobou os criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais, das súas Estratexias de Desenvolvemento Local.
4. O GDR 24 Asociación Seitura 22, Ferrol,Eume, Ortegal, Miño, Vilamaior remitiu á Axencia os citados criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais, para a súa a aprobación, segundo o cadro achegado:

Data aprobación xunta directiva	Data remisión Agader, nº rexistro	
25/06/2024	07/07/2023	2023/2003254
	25/02/2025	2025/530550

II. CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1.Normativa xeral e específica de aplicación

1. Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo (DOG n.º 251, do 29 de decembro), pola que se creou a Axencia como un ente de dereito público, e Decreto 79/2001, do 6 de abril, polo que se aprobou o Regulamento da Axencia (DOG n.º 77, do 20 de abril).
2. Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, que contempla a natureza da Axencia como unha axencia pública autonómica das previstas no artigo 45 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (DOG n.º 94, do 21 de maio).
3. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a partir de agora LPACAP (BOE n.º 236, do 02 de outubro).
4. Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG n.º 121, do 25 de xuño).
5. Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a partir de agora RLSG (DOG n.º 20, do 29 de xaneiro).
6. Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (DOG n.º 135, do 12 de xullo).
7. Acordo do 20 de abril de 2022 do Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, polo que se aproban as bases reguladoras para a selección de organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027, para a concesión de axudas orientadas á adquisición de capacidades e para accións preparatorias en apoio do deseño das futuras estratexias de desenvolvemento local participativo para o período de programación 2023-2027, cofinanciadas polo fondo Feader, e para a aprobación de estratexias de desenvolvemento local, así como a correspondente convocatoria, para as anualidades 2022 e 2023 (código de





- procedemento MR701F). O citado acordo publicouse mediante a Resolución do 18 de maio de 2022 (DOG n.º 105, do 2 de xuño).
8. Resolución da directora xeral da Axencia do 27 de abril de 2023 pola que se estableceron as condicións e os obxectivos para garantir a idónea execución do programa Leader de Galicia para o período 2023-2027, así como as regras para a elaboración das estratexias e os criterios de puntuación referidos aos territorios que se correspondan coas estratexias de desenvolvemento local que sexan seleccionadas (DOG n.º 89, do 10 de maio).
 9. Resolución do 7 de decembro de 2023 da persoa titular da Dirección Xeral da Axencia, ditada por delegación do Consello de Dirección, de selección de estratexias de desenvolvemento local e de entidades colaboradoras, así como de distribución de fondos entre as estratexias de desenvolvemento local.
 10. Resolución do 20 de maio de 2024 pola que se rectifican os erros materiais da Resolución do 7 de decembro de 2023 da persoa titular da Dirección Xeral da Axencia, ditada por delegación do Consello de Dirección, de selección de estratexias de desenvolvemento local e de entidades colaboradoras, así como de distribución de fondos entre as estratexias de desenvolvemento local.

2.Competencia

A competencia para a instrución do procedemento para a selección e aprobación de estratexias de desenvolvemento local, así como para a selección de entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027, é da Subdirección de Relacións cos Grupos de Desenvolvemento Rural, segundo o artigo 15 das bases reguladoras aprobadas o 20 de abril de 2022 polo Consello de Dirección da Axencia para a selección de organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027, publicadas mediante a Resolución do 18 de maio de 2022 (DOG n.º 105, do 2 de xuño).

Segundo o artigo 20.7 das citadas bases reguladoras, a persoa titular da Dirección Xeral da Axencia, por delegación do Consello de Dirección desta, é a competente para a aprobación das estratexias de desenvolvemento local, das que forman parte os criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais, aplicables na execución das citadas estratexias.

3.Valoración da documentación presentada polo GDR.

Tras a instrución do procedemento conséntase que:

-A entidade colaboradora GDR 24 Asociación Seitura 22, Ferrol,Eume, Ortegal, Miño, Vilamaior na intervención Leader de Galicia para o período 2023-2027 seleccionada pola Resolución do 7 de decembro de 2023, rectificada pola Resolución do 20 de maio de 2024, presentou ante a Axencia as normas para a xestión das estratexias de desenvolvemento local, en particular, o Plan de xestión e os criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais, das estratexias de desenvolvemento local.

-Que as normas referidas á estratexia do GDR 24 Asociación Seitura 22, Ferrol,Eume, Ortegal, Miño, Vilamaior conteñen, ben na súa primeira versión, ben na modificada revisada tecnicamente pola Axencia, os límites de axuda pública máxima, os criterios de selección e priorización dos proxectos (baremo, regras para a asignación das porcentaxes de axuda pública e procedemento de priorización e selección dos





proxectos que contén coa verificación favorable do informe de control de elixibilidade por parte da Axencia), así como as limitacións sectoriais e fan referencia aos mecanismos que garanten os principios de obxectividade, publicidade, imparcialidade e libre concorrência, aos procesos de toma de decisións e aos procedementos de contratación, e o procedemento para evitar conflitos de intereses nos membros dos órganos de avaliación e decisión do GDR.

-Que as ditas normas foron aprobadas polo órgano competente do GDR.

En definitiva, o GDR seleccionado adecuou os procedementos de selección de proxectos ao disposto nos artigos 16 a 21 da Resolución do 27 de abril de 2023 pola que se establecen as condicións e os obxectivos para garantir a idónea execución do programa Leader de Galicia para o período 2023-2027, en particular, ás regras de puntuación e procedemento de selección dos investimentos subvencionables para operacións en apoio de terceiras persoas.

Tendo en conta os antecedentes e consideracións sinaladas,

PROPOÑO

Que se aprrobe o Plan de xestión e os criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais, das estratexias de desenvolvemento local do GDR 24 Asociación Seitura 22, Ferrol, Eume, Ortegal, Miño, Vilamaior que figuran como anexo deste documento.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica
A subdirectora de Relacións cos Grupos de Desenvolvemento Rural
Francisca María Gago Guillán

Tendo en conta o anterior, RESOLVO:

Aprobar a proposta da Subdirectora de Relacións cos GDR nos seus propios termos.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interporse recurso potestativo de reposición ante o Consello de Dirección da Axencia, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Compostela, no prazo de dous meses contados igualmente desde o día seguinte ao da notificación. Tamén poderá interpoñerse calquera outro recurso que se estime oportuno.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica
O Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural
(P.D.: art. 20.7 das bases reguladoras do 20.04.2022)
A directora xeral da Axencia
María Paz Rodríguez Rivera



GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL- 24 LEADER 2023-2027

NORMAS DE XESTIÓN; PLAN DE XESTIÓN E CRITERIOS DE SELECCIÓN.

seitura

FERROL · EUME · ORTEGAL · MIÑO · VILARMAIOR



Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

Contido

1.1 Limitacións Sectoriais na EDLP	2
1.2 Límites de axuda máxima nos diferentes tipos de proxectos	4
1.3 Criterios para a selección e priorización de proxectos	4
1.3.1 PROXECTOS PRODUCTIVOS.....	5
1.3.2 PROXECTOS NON PRODUCTIVOS.....	13
1.4 Memoria descriptiva do BAREMO.	20
1.5 Mecanismos que garantan os principios de obxectividade, publicidade, imparcialidade, e libre concorrencia.	23
1.6 Procedemento para evitar conflito de interese.	24



1.1 Limitacións Sectoriais na EDLP

Na EDLP, e seguindo as consideracións das Bases Reguladoras de AGADER, publicadas no DOG de 10 de maio de 2023, incorpóranse as seguintes limitacións sectoriais:

Tendo en conta o carácter transversal do programa Leader, cómpre establecer limitacións sectoriais concretas por razóns de complementariedade e de coherencia con outras intervencións públicas que incidan sobre o territorio rural galego. Axencia Galega de Desenvolvemento Rural poderá solicitar informes e asinar convenios de colaboración cos distintos departamentos da Xunta de Galicia, coa finalidade de garantir a citada coherencia e complementariedade entre as diferentes liñas de axudas e intervencións públicas.

Limitacións sectoriais:

- a) Quedan excluídos aqueles investimentos promovidos polas entidades públicas locais relacionados coa prestación dos servizos enumerados no artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, así como os servizos esenciais para os cales o artigo 86 da citada lei declara a reserva a favor das entidades públicas locais e os de prestación mínima previstos no artigo 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

- b) Os proxectos de sinalización territorial quedan excluídos.

Os proxectos de sinalización turística promovidos polos GDR limitaranse ás condicións e requisitos establecidos no artigo 44.f) da Resolución do 10 de maio de 2023, das Bases Reguladoras aprobadas polo Acordo do Consello da Dirección Xeral de Axencia de Desenvolvemento Rural de Galicia do 20 de abril de 2022.

- c) Para os investimentos en establecementos turísticos e para os investimentos en actividades económicas do sector servizos no marco do sector da hostalaría rexerá o convenio de colaboración que se asine entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e a Axencia de Turismo de Galicia.
- d) Para os investimentos no sector das enerxías renovables queda excluído de financiamento a través do programa Leader calquera tipo de investimento en enerxías renovables cuxo destino ou finalidade principal sexa a venda á rede.



Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

- e) No ámbito dos investimentos en actividades económicas do sector servizos (talleres, tinturarias, lavanderías, clínicas, tanatorios, asesorías, perrucarías, despachos profesionais e calquera outra actividade asimilada ás anteriores do sector servizos) só serán subvencionables aqueles de nova creación e/ou modernización, nos que non exista o epígrafe da actividade na parroquia. Dita acreditación realizarase a través dun certificado expedido polo Concello onde conste que non existe ningunha empresa dada de alta no epígrafe do IAE que se corresponde co servizo proposto. A excepción feita daqueles investimentos localizados nas entidades de poboación de As Pontes, Ferrol e Narón dado que están excluídas da aplicación do financiamento Leader 2023-2027.
- f) No sector do comercio polo miúdo, poderán ser subvencionados os investimentos de nova creación, modernización, ampliación e comercialización, cando vaian orientados a fomentar e consolidar a cultura do local e a economía da comunidade, entendida ésta polo espazo comprendido polos 22 concellos que conforman Seitura 22, sempre que ditos investimentos se destinen a produtos agroalimentarios, gandeiros, forestais, de transformación e artesanais que sexan producidos no ámbito territorial de Seitura 22, que foron identificados polas mesas sectoriais (mel, agricultura ecolóxica, transformación da mazá, silvicultura, ...). En ningún caso será subvencionable a adquisición das mercadorías destinadas á venda. A excepción daqueles investimentos localizados nas entidades de poboación de As Pontes, Ferrol e Narón dado que están excluídas da aplicación do financiamento Leader 2023-2027.
- g) Os investimentos que consistan na adquisición de maquinaria para a realización de servizos agrarios e/ou forestais quedan excluídos de financiamento a través do programa Leader.
- h) Os investimentos en centros sociais só serán subvencionables naquelas parroquias onde non exista ningún outro local social, acreditando este extremo mediante certificación emitida polo correspondente concello. Non será subvencionable a reforma ou ampliación de locais sociais, salvo que dita reforma permita a prestación dun novo servizo á cidadanía. En calquera caso, priorizarase a rehabilitación de edificacións tradicionais fronte á construción ou acondicionamento de edificios novos. A contía máxima de axuda por cada proxecto que supoña un investimento en creación, reforma ou ampliación dun local social non poderá exceder os 50.000,00 € por proxecto.
- i) Os investimentos consistentes na elaboración de estudos, edición de libros ou guías e páxinas web terán un límite máximo de axuda de 10.000,00 € por proxecto.
- j) Os investimentos relacionados con instalacións ou centros que presten o servizo de calquera ensinanza que teña carácter regrado quedan excluídos de financiamento a través do programa Leader.



1.2 Límites de axuda máxima nos diferentes tipos de proxectos

A porcentaxe máxima de axuda para os proxectos non produtivos non superará o 90%, salvo no caso dos proxectos de formación promovidos directamente polos GDR, que poderán alcanzar o 100% de axuda.

Os proxectos de natureza non produtiva estarán limitados a unha axuda máxima de 50.000 € por proxecto.

A intensidade mínima de axuda situarase, nun 30% para proxectos de natureza non produtiva.

A porcentaxe de axuda máxima para os **proxectos produtivos** ascenderá ao 50%. O importe de axuda que, como máximo, pode percibir un proxecto de natureza produtiva ascenderá a 200.000 €.

Por outra parte os proxectos produtivos que se amparen no Regulamento (UE) nº 2023/2831 da Comisión, do 13 de decembro de 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 del Tratado a las ayudas de mínimis, limitaranse a un máximo de 300.000 € por promotor, durante un período de tres exercicios fiscais.

A intensidade mínima de axuda situarase, nun 20% para proxectos de natureza produtiva.

1.3 Criterios para a selección e priorización de proxectos

Según as Bases Reguladoras, cada GDR, no proceso de definición da EDLP debe dispoñer a priorización de proxectos que considere mellor se adapta á súa estratexia.

Os criterios para a selección e priorización de proxectos están referenciados aos datos da análise e diagnóstico do territorio, obtidos dos indicadores e estatísticas oficiais do IGE e INE, así como das aportacións e coñecemento do territorio que xurdiron como consecuencia da participación da sociedade civil e estamentos públicos que interviron na elaboración da EDLP.

Así, se obtiveron uns datos referenciais claros e obxectivos, doados de comparar e testar, de xeito que a asignación de proxectos sexa transparente e non discriminatoria, que posibilibite que todos os/as potenciais beneficiarios/as, teñan pleno coñecemento do que se vai ter en conta para avaliar o seu proxecto.

As regras ou baremos para a asignación de proxectos no GDR SEITURA22 resultan do sumatorio da puntuación obtida en cada un dos ítems que se detallan a continuación, diferenciando entre a natureza do proxecto, ben sexa produtivo ou non produtivo:



Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

1.3.1 PROXECTOS PRODUTIVOS

1.3.1.1 CRITERIOS DE SELECCIÓN E PRIORIZACIÓN DE PROXECTOS PRODUTIVOS .

1. Situación xeográfica (40 puntos máximo)

1.1. *Características económicas do concello en que se localiza o proxecto. (5 puntos máximo)*

No caso de proxectos que polas súas características estean localizados en varios concellos, terase en conta, a media de puntuación dos concellos polo que discorra o proxecto.

INDICADOR MUNICIPAL DA RENDA DOS FOGARES		
CONCELLOS	Ano 2018	PUNTOS
ARES	95,78	2
CABANAS	103,40	0
CAPELA	93,95	3
CARIÑO	85,46	4
CEDEIRA	90,60	3
CERDIDO	76,96	5
FENE	99,21	2
FERROL	100,01	0
MAÑÓN	83,29	5
MIÑO	106,38	0
MOECHE	79,32	5
MONFERO	81,87	5
MUGARDOS	95,01	2
NARÓN	94,91	2
NEDA	100,29	0
ORTIGUEIRA	93,73	3
PONTEDEUME	94,89	2
AS PONTES	116,10	0
SAN SADURNIÑO	93,89	3
AS SOMOZAS	94,08	2
VALDOVIÑO	98,33	2
VILARMAIOR	91,10	3
SEITURA22	94,03	

En función do Indicador Municipal de Renda dos Fogares (IMRF) do ano 2018 publicado polo IGE e tendo en conta as cifras concretas para os concellos enmarcados no GDR “SEITURA22”, establécense os seguintes tramos e a súa correspondente puntuación:

CRITERIO POR TRAMOS	PUNTOS
(≤85)	5
(>85)-(≤90)	4
(>90)-(≤94)	3
(>94)-(≤100)	2
(>100)	0

Fonte: IGE (2018)



1.2. Características demográficas do concello no que se localiza o proxecto. (25 puntos máximo)

1.2.1. Envellecemento da poboación (20 puntos máximo)

INDICE DE ENVELLECIMENTO IGE 2020		
CONCELLOS	2020	PUNTOS
ARES	171,68	13
CABANAS	260,61	13
CAPELA, A	280,12	17
CARIÑO	331,40	20
CEDEIRA	218,49	13
CERDIDO	389,60	20
FENE	222,36	13
FERROL	192,22	13
MAÑÓN	400,35	20
MIÑO	128,65	10
MOECHE	398,88	20
MONFERO	415,47	20
MUGARDOS	214,87	13
NARÓN	112,68	10
NEDA	255,37	13
ORTIGUEIRA	377,29	20
PONTEDEUME	176,08	13
PONTES, AS	180,85	13
SAN SADURNIÑO	273,22	17
SOMOZAS, AS	285,01	17
VALDOVIÑO	236,19	13
VILARMAIOR	304,21	20
SEITURA22	264,80	
A CORUÑA	154,57	
GALICIA	160,40	

CRITERIO POR TRAMOS	PUNTOS
(≥ 300)	20
(≥ 264)-(< 300)	17
(≥ 160)-(< 264)	13
(< 160)	10

Fonte: IGE (2020)



Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

1.2.2. Variación relativa da poboación 2012-2022 (5 puntos máximo)

CRITERIO POR TRAMOS	PUNTOS
(>-15 %)	5
(>-8 %)-(<= -15 %)	4
(>-3%)-(<=-8 %)	3
(=0 %)-(<= -3 %)	2
CONCELLOS QUE INCREMENTEN POBOACIÓN	0

CONCELLO	2012	2022	VARIACIÓN	VARIACIÓN(%)	PUNTOS
ARES	5.839	6.033	194	3,32 %	0
CABANAS	3.299	3.340	41	1,24 %	0
CAPELA, A	1.376	1.225	-151	-10,97 %	4
CARIÑO	4.373	3.699	-674	-15,41 %	5
CEDEIRA	7.254	6.626	-628	-8,66 %	4
CERDIDO	1.312	1.060	-252	-19,21 %	5
FENE	13.780	12.702	-1.078	-7,82 %	3
FERROL	71.997	64.158	-7.839	-10,89 %	4
MAÑÓN	1.537	1.287	-250	-16,27 %	5
MIÑO	5.739	6.624	885	15,42 %	0
MOECHE	1.358	1.191	-167	-12,30 %	4
MONFERO	2.129	1.865	-264	-12,40 %	4
MUGARDOS	5.456	5.246	-210	-3,85 %	3
NARÓN	39.238	38.938	-300	-0,76 %	2
NEDA	5.422	4.972	-450	-8,30 %	4
ORTIGUEIRA	6.550	5.420	-1.130	-17,25 %	5
PONTEDEUME	8.324	7.563	-761	-9,14 %	4
PONTES, AS	10.996	9.974	-1.022	-9,29 %	4
SÁN SADURNIÑO	3.061	2.792	-269	-8,79 %	4
SOMOZAS, AS	1.279	1.073	-206	-16,11 %	5
VALDOVIÑO	6.857	6.924	67	0,98 %	0
VILARMAIOR	1.261	1.245	-16	-1,27 %	2
SEITURA 22	208.437	193.957	-14.480	-6,95 %	
A CORUÑA	1.143.911	1.119.180	-24.731	-2,16 %	
GALICIA	2.781.498	2.690.464	-91.034	-3,27 %	

Fonte: IGE. Censos de poboación. Padrón Municipal de Habitantes.

1.3. Núcleo ou entidade de poboación onde se localiza o proxecto. (10 puntos máximo)

En función dos datos recollidos no Nomenclátor de Galicia 2020 e identificando a entidade de poboación, tomada como referencia o núcleo, establécense os seguintes tramos de discriminación e a súa correspondente puntuación:

CRITERIO	PUNTOS
<1000 HAB.	10
(>=1000) (<2500) HAB.	8
(>=2500) (<4000) HAB.	6
(>=4000) (<5000) HAB.	4
>=5000 HAB.	0



2. Impacto sobre o territorio e a poboación rural (30 puntos máximo)

2.1 Características do promotor/a (10 puntos máximo)

Proxectos promovidos por persoas físicas (máximo 10 puntos)

CRITERIO	PUNTOS
Proxectos promovidos por mozos/as (menores de 41 anos) ou persoas de mais de 55 anos)	3
Proxectos promovidos por mulleres (acumulable ó anterior)	3
Proxectos promovidos por persoas con discapacidade (acumulable ós anteriores)	4

Persoas xurídicas: (10 puntos máximo)

2.1.1. Proxectos promovidos por entidades (10 puntos máximo)

CRITERIO	PUNTOS
Proxectos promovidos por Cooperativas, Sociedades Agrarias de Transformación (SAT), Sociedades Laborais, Sociedades Anónimas Laborais, Comunidades de Montes Veciñais en Man Común e entidades sen ánimo de lucro	6

2.1.2. Proxectos promovidos por persoas xurídicas nas que o 50 % (ou máis) da participación social ou colectivos que constitúan o seu obxecto social (a través da composición dos socios ou dos colectivos aos que presta servizo, acreditando este último extremo cos estatutos ou documento equivalente da sociedade ou entidade solicitante) corresponda cos seguintes criterios. (4 puntos máximo)

CRITERIO	PUNTOS
Mozos/as (menores de 41 anos) ou persoas de máis de 55 anos	1
Mulleres (acumulable ó anterior)	1
Persoas con discapacidade (acumulable ós dous anteriores)	2

2.2 Incidencia no emprego. (20 puntos máximo)

2.2.1 Creación ou mantemento do emprego (15 puntos máximo)

Valorarase con base ó número de empregos directos creados ou conservados para cada proxecto sendo acumulables o número de empregos creados e mantidos.

CRITERIO	PUNTOS
O ratio (investimento/nº empregos) é menor de 20.000€.	15
O ratio (investimento/nº empregos) é igual ou superior a 20.000 € e inferior a 50.000€.	13
O ratio (investimento/nº empregos) é igual ou superior a 50.000 € e inferior a 100.000€.	10
O ratio (investimento/nº empregos) é igual ou superior a 100.000 € e inferior a 200.000€.	5
O ratio (investimento/nº empregos) é igual ou superior a 200.000€	0
O ratio (investimento /mantemento de empregos) é menor de 20.000 €.	10
O ratio (investimento /mantemento de empregos) é igual ou superior a 20.000 € e inferior a 50.000€.	8
O ratio (investimento /mantemento de empregos) é igual ou superior a 50.000 € e inferior a 100.000€.	5
O ratio (investimento /mantemento de empregos) é igual ou superior a 100.000 € e inferior a 200.000€.	3
O ratio (investimento /mantemento de empregos) é superior a 200.000€.	0



Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

Para o cálculo de empregos terase en conta os efectivos correspondentes ao número de persoas que traballarán na empresa a tempo completo durante o ano de que se trate. O traballo das persoas que non traballan todo o ano, cóntanse como fraccións de UTA, xa sexa traballo a tempo parcial, ou de xeito estacional.

2.2.2 Contratación de colectivos desfavorecidos (5 puntos máximo)

Entendendo os colectivos en risco de exclusión social, segundo o RD Lei 5/2006, Disposición Adicional Segunda: Exclusión Social e Fomento do Emprego. Neste caso a puntuación por criterio é acumulable. Esta puntuación se outorgará, sempre e cando haxa un mínimo de 0,50 UTAs.

CRITERIO	PUNTOS
Contratación Mulleres, por cada 0,50 UTA	1
Contratación Mozos/as menores de 41 anos, por cada 0,50 UTA	1
Contratación Maiores de 55 anos, por cada 0,50 UTA	1
Contratación de persoas con diversidade funcional, por cada 0,50 UTA	1
Contratación Colectivos en risco de exclusión social, por cada 0,50 UTA	1
Mantemento Mulleres , por cada UTA	1
Mantemento Mozos/as menores de 41 anos, por cada UTA	1
Mantemento Maiores de 55 anos, por cada UTA	1
Mantemento de persoas con diversidade funcional, por cada 0,50 UTA	1
Mantemento Colectivos en risco de exclusión social, por cada 0,50 UTA	2

3. Sustentabilidade ambiental (10 puntos máximo)

Valorarase aqueles aspectos do proxecto que teñan incidencia ambiental positiva ou ben que contribúan a biodiversidade e conservación de hábitats , minorar os danos ou problemas ambientais existentes na zona así como a adaptación e mitigación ao cambio climático .

CRITERIO	PUNTOS
Proxectos situados en concellos con espazo natural protexido (Red Natura 2000) Non acumulativo ó seguinte.	3
Proxectos que se desenvolvan en zonas de Montaña (segundo a definición que resulta do PDR de Galicia 2014-2020). Non acumulativo co anterior.	3
Proxectos nos que se priorice o emprego de técnicas de enerxías renovables ou mellora da eficiencia enerxética. Un punto por cada punto porcentual de investimento en estas técnicas. Acumulativo ós anteriores.	7
Proxectos que contribúan á biodiversidade e conservación de hábitats, á prevención de incendios forestais, a multifuncionalidade do monte e a silvicultura sostible, a agricultura biolóxica ou a xestión de recursos hídricos entre outras actuacións. Acumulativo ós anteriores.	7

No ámbito da Asociación SEITURA22, os concellos incluídos na Relación de Zonas de Montaña de Galicia (apartados 3 e 4 do artigo 3 da Directiva 75/268/CEE; artigo 18 do Regulamento (CE) 1257/99; Directiva do Consello (86/466/CEE) do 14 de xullo de 1986, son os seguintes: A Capela, Cariño, Cedeira, Cerdido, Mañón, Monfero, Ortigueira, As Pontes de García Rodríguez, San Sadurniño e As Somozas.



SUPERFICIE DOS ESPAZOS NATURAIS PROTEXIDOS DE GALICIA	
ZONAS	HECTÁREAS
Fragas do Eume (Cabanas, A Capela, Monfero, Pontedeume e As Pontes)	9.126
Ría de Ortigueira de Ladrado (Cariño e Ortigueira)	3.025
Lagoa e areal de Valdoviño (Valdoviño)	485
Costa Ártabra (Cariño, Ortigueira, Cedeira, Valdoviño, Narón, Ferrol, Mugardos, Ares)	7.546
Estaca de Bares (Mañón e Ortigueira)	852
Ortigueira-Mera (Cariño, Ortigueira, cerdido, As Pontes de garcía Rodríguez, As Somozas)	3.868
LIC Xubia-Castro	1.985,91
LIC Betenzos-Mandeo (soamente a parte que corresponde ao Concello de Miño)	1.020

Fonte: Consellería do medio rural. Incluídos os recollidos na Lei 9/2001. Elaboración propia.

4. Capacidade de arrastre do proxecto (20 puntos máximo)

4.1. Proxectos de creación de empresas. (2 puntos máximo)

Proxectos que conleven a creación de novas empresas ou unha nova actividade segundo o CNAE, tanto sexa no réxime de empresario autónomo, como a creación dunha nova sociedade mercantil, cooperativa, etc.

4.2. Proxectos con capacidade para estimular o xurdimento de novas iniciativas na zona rural ou afianzar empresas e actividades existentes. (18 puntos máximo)

4.2.1. En función do nivel de investimento. (3 puntos máximo)

CRITERIO	PUNTOS
Proxectos cuxo investimento sexa $\geq 250.000 \text{ €}$	3
Proxectos cuxo investimento sexa $\geq 120.000 \text{ €}$ $< 250.000 \text{ €}$	2
Proxectos cuxo investimento sexa $\geq 60.000 \text{ €}$ $< 120.000 \text{ €}$	1
Proxectos cuxo investimento sexa $\leq 60.000 \text{ €}$	0

Na consideración do nivel de investimento, enténdense excluídos os impostos indirectos obrigatorios para facer o investimento.

4.2.2. Proxectos que axuden a desenvolver os sectores: agrario, gandeiro ou forestal e a súa transformación, cun obxectivo ambiental claro e proxectos que presten servizos en exclusiva a colectivos desfavorecidos (15 puntos máximo). Acumulables ao apartado anterior.

CRITERIO	PUNTOS
Proxectos pertencentes ao sector agrario (agrícola, gandeiro ou forestal)	10
Proxectos de transformación e comercialización de produtos agrarios (agrícolas, gandeiros ou forestais)	15
Investimentos que estean vencellados a proxectos de recuperación de terra agraria regulados na LRTA de 2021.	12
Actuacións orientadas claramente á redución da pegada ecolóxica, economía circular e mobilidade máis sostible.	12



Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

Proxectos de prestación de servizos á poboación rural que contribúan á mellora da calidade de vida por prestar servizo a algún colectivo desfavorecido.	10
---	----

5. Bono Activa Rural

Proxectos produtivos acollidos ao Bono Activa Rural.

Requisitos do promotor que lle permitirán acollerse ao Bono Activa Rural: Creación e posta en marcha de actividades económicas en zonas rurais, persoas físicas que se dean de alta no réxime de traballadores autónomos (os promotores non poden estar dados de alta no réxime de autónomos na mesma actividade obxecto de subvención, nos últimos tres anos). O promotor deberá achegar un Plan de Empresa que amose a viabilidade económica e técnica da empresa durante 5 anos.

A axuda consiste nun importe a tanto alzado pola creación dunha empresa. Os Beneficiarios serán persoas físicas, que leven polo menos tres meses no paro, creen unha empresa, a título individual, na que polo menos xere o seu posto de traballo, e que non estiveran dados de alta como autónomos na mesma actividade na que se solicita a axuda nos últimos tres anos. A axuda non está vencellada á xustificación de ningún gasto ou inversión, só ao mantemento da actividade e ao cumprimento do plan empresarial, que deberá demostrar a viabilidade económica e técnica da empresa. A axuda terá un máximo de 18.000 euros, suxeita ao réximen de mínimos.

O promotor podería acollerse ao Bono Activa Rural ou renunciar a este acollemento polo que sería baremado como proxecto produtivo.

Baremación de proxecto produtivo acollido ao Bono Activa Rural.

Os criterios de puntuación destes proxectos serán os mesmos que os dos proxectos produtivos xerais nos apartados 1. Situación xeográfica. 2. Impacto sobre o territorio e a poboación rural e 3. Sustentabilidade ambiental. No apartado 4 Capacidade de arrastre do proxecto levará a máxima puntuación deste apartado: 20 puntos.

A puntuación que deberían obter os proxectos produtivos acollidos ao Bono Activa Rural sería igual que o resto de proxectos produtivos; Puntuación mínima (nota de corte) 30 puntos. Importe a cobrar: 10.000 €. A máxima serán os 80 puntos que corresponderían tamén a axuda máxima de 18.000 €. Ás puntuacións entre ambas calcúlase a cantidade proporcional correspondente.

1.3.1.2 PUNTUACIÓNS E PORCENTAXES DE AXUDA

Os criterios de selección de proxectos poden obter un valor nulo (cero), cando non se vexan reflectidas as circunstancias do proxecto nos argumentos para da-la puntuación.



A puntuación mínima, de corte para que un proxecto productivo sexa subvencionado será de 30 puntos. Neste caso, a porcentaxe de axuda con puntuación mínima será dun 20 %.

A puntuación máxima de corte para que un proxecto acade a axuda máxima será de 80 puntos. Neste caso a axuda será do 50 % con carácter xeral. O importe máximo de axuda ascenderá a 200.000 €.

Unha vez obtida a nota de corte (30 e 80 puntos respectivamente), calcularanse a porcentaxe de axuda mediante unha relación proporcional directa cos puntos obtidos no baremo, axustada a un decimal.

Os proxectos produtivos que se amparen no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado ás axudas de minimis, limitaránse a un máximo de 300.000 € por promotor durante un período de tres exercicios fiscais.

CRITERIOS DE DESEMPATE

Dado que neste período os proxectos se resolverán por concorrencia competitiva, prevese un mecanismo de prioridade para resolver posibles empates na puntuación de proxectos.

Así no caso de empate terá prioridade o proxecto que obtivese mais puntuación no criterio III do baremo referido a incidencia no emprego. De persistir o empate, atenderase a puntuación obtida no criterio I de localización xeográfica. Se aínda así persistise o empate, terá prioridade a data de presentación da solicitude.



Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

1.3.2 PROXECTOS NON PRODUCTIVOS

1.3.2.1 CRITERIOS DE SELECCIÓN E PRIORIZACIÓN DE PROXECTOS NON PRODUCTIVOS.

1. Situación xeográfica (40 puntos máximo)

1.1. *Características económicas do concello en que se localiza o proxecto.* (5 puntos máximo)

No caso de proxectos, que, polas súas características, estean localizados en varios concellos, terase en conta, a media de puntuación dos concellos polo que discurra o proxecto.

INDICADOR MUNICIPAL DA RENDA DOS FOGARES		
CONCELLOS	Ano 2018	PUNTOS
ARES	95,78	2
CABANAS	103,40	0
CAPELA	93,95	3
CARIÑO	85,46	4
CEDEIRA	90,60	3
CERDIDO	76,96	5
FENE	99,21	2
FERROL	100,01	0
MAÑÓN	83,29	5
MIÑO	106,38	0
MOECHE	79,32	5
MONFERO	81,87	5
MUGARDOS	95,01	2
NARÓN	94,91	2
NEDA	100,29	0
ORTIGUEIRA	93,73	3
PONTEDEUME	94,89	2
AS PONTES	116,10	0
SAN SADURNIÑO	93,89	3
AS SOMOZAS	94,08	2
VALDOVIÑO	98,33	2
VILARMAIOR	91,10	3
SEITURA22	94,03	

En función do Indicador Municipal de Renda dos Fogares (IMRF) do ano 2018 publicado polo IGE e tendo en conta as cifras concretas para os concellos enmarcados no GDR “SEITURA22”, establécense os seguintes tramos e a súa correspondente puntuación:

CRITERIO POR TRAMOS	PUNTOS
(≤85)	5
(>85)-(≤90)	4
(>90)-(≤94)	3
(>94)-(≤100)	2
(>100)	0

Fonte: IGE (2018)

1.2 *Características demográficas do concello no que se localiza o proxecto.* (25 puntos máximo)

1.2.1. Envellecemento da poboación. (20 puntos máximo)

Tómase como referencia o índice de envellecemento IGE do ano 2020.



INDICE DE ENVELLECIMENTO IGE 2020		
CONCELLOS	2020	PUNTOS
ARES	171,68	13
CABANAS	260,61	13
CAPELA, A	280,12	17
CARIÑO	331,40	20
CEDEIRA	218,49	13
CERDIDO	389,60	20
FENE	222,36	13
FERROL	192,22	13
MAÑÓN	400,35	20
MIÑO	128,65	10
MOECHE	398,88	20
MONFERO	415,47	20
MUGARDOS	214,87	13
NARÓN	112,68	10
NEDA	255,37	13
ORTIGUEIRA	377,29	20
PONTEDEUME	176,08	13
PONTES, AS	180,85	13
SAN SADURNIÑO	273,22	17
SOMOZAS, AS	285,01	17
VALDOVIÑO	236,19	13
VILARMAIOR	304,21	20
SEITURA22	264,80	
A CORUÑA	154,57	
GALICIA	160,40	

Fonte: IGE
(2020)

CRITERIO POR TRAMOS	PUNTOS
(≥ 300)	20
(≥ 264)-(<300)	17
(≥ 160)-(<264)	13
(<160)	10



Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

1.2.2 Variación relativa da poboación 2010-2020 (5 puntos máximo)

En función de variación da poboación entre os anos 2010-2020 do GDR “Seitura22”, establécense os seguintes tramos e a súa correspondente puntuación:

CRITERIO POR TRAMOS	PUNTOS
(>-15 %)	5
(>-8 %)-(<= -15 %)	4
(>-3%)-(<=-8 %)	3
(=0 %)-(<= -3 %)	2
CONCELLOS QUE INCREMENTEN POBOACIÓN	0

CONCELLO	2012	2022	VARIACIÓN	VARIACIÓN(%)	PUNTOS
ARES	5.839	6.033	194	3,32 %	0
CABANAS	3.299	3.340	41	1,24 %	0
CAPELA, A	1.376	1.225	-151	-10,97 %	4
CARIÑO	4.373	3.699	-674	-15,41 %	5
CEDEIRA	7.254	6.626	-628	-8,66 %	4
CERDIDO	1.312	1.060	-252	-19,21 %	5
FENE	13.780	12.702	-1.078	-7,82 %	3
FERROL	71.997	64.158	-7.839	-10,89 %	4
MAÑÓN	1.537	1.287	-250	-16,27 %	5
MIÑO	5.739	6.624	885	15,42 %	0
MOECHE	1.358	1.191	-167	-12,30 %	4
MONFERO	2.129	1.865	-264	-12,40 %	4
MUGARDOS	5.456	5.246	-210	-3,85 %	3
NARÓN	39.238	38.938	-300	-0,76 %	2
NEDA	5.422	4.972	-450	-8,30 %	4
ORTIGUEIRA	6.550	5.420	-1.130	-17,25 %	5
PONTEDEUME	8.324	7.563	-761	-9,14 %	4
PONTES, AS	10.996	9.974	-1.022	-9,29 %	4
SÁN SADURNIÑO	3.061	2.792	-269	-8,79 %	4
SOMOZAS, AS	1.279	1.073	-206	-16,11 %	5
VALDOVIÑO	6.857	6.924	67	0,98 %	0
VILARMAIOR	1.261	1.245	-16	-1,27 %	2
SEITURA 22	208.437	193.957	-14.480	-6,95 %	
A CORUÑA	1.143.911	1.119.180	-24.731	-2,16 %	
GALICIA	2.781.498	2.690.464	-91.034	-3,27 %	

Fonte: IGE. Censos de poboación. Padrón Municipal de Habitantes.



1.3 Núcleo ou entidade de poboación onde se localiza o proxecto. (10 puntos máximo)

En función dos datos recollidos no Nomenclátor de Galicia 2020 e identificando a entidade de poboación tomando como referencia o núcleo de poboación, establécense os seguintes tramos e a súa correspondente puntuación:

CRITERIO	PUNTOS
<1000 HAB.	10
(>=1000) _ (<2500) HAB.	8
(>=2500) _ (<4000) HAB.	6
(>=4000) _ (<5000) HAB.	4
>=5000 HAB.	0

2. Impacto sobre o territorio e a poboación rural e capacidade de arrastre. (50 puntos máximo)

2.1 Características do promotor. (16 puntos máximo)

2.1.1 Características do promotor/a; Proxectos de promoción privada

CRITERIO		PUNTOS
Criterios acumulables entre si	Asociacións e Fundacións con maioría de colectivos priorizados	12
	Asociacións e fundacións de ámbito supramunicipal.	10
	Empresas de economía social e asociacións e fundacións de ámbito municipal	8
	Persoa xurídica con maioría de colectivos priorizados	6
	Persoa xurídica pertencente ao sector primario	6
	Proxectos de ámbito supramunicipal	3
	Por cada entidade implicada no proxecto	3
	Máximo 10 puntos	
Proxectos participados Por varios promotores	Por participar entidades pertencentes a dous ou máis concellos	2
	Máximo 10 puntos	

Ás Asoc. e Fundacións con maioría de colectivos priorizados solicitaráselles un certificado no que se acredite que cumpre con dito requisito.

Para os proxectos participados por varios promotores solicitarase ás entidades un convenio ou acordo de colaboración.

2.1.2 Características do promotor/a; Proxectos de promoción pública.

CRITERIO	PUNTOS
Proxectos de ámbito supramunicipal nos que participen dous ou máis concellos do GDR . Máximo 16 puntos.	4
	Por concello

Para os proxectos participados por varios promotores solicitarase ás entidades un convenio ou acordo de colaboración.



Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

2.2 Tipoloxía do proxecto (20 puntos máx.)

CRITERIO	PUNTOS
Proxectos de prioridade alta	15
Proxectos de prioridade media	10
Proxectos que supoñan a aparición dun novo servizo nalgún dos concellos no que implemente (acumulables aos anteriores)	5

2.3 Proxectos de creación de emprego (8 puntos máximo). (Acumulable ó anterior)

CRITERIO	PUNTOS
>1	8
>=0,25 UTA	4

Para o cálculo de empregos terase en conta os efectivos correspondentes ao número de persoas que traballarán na empresa a tempo completo durante o ano de que se trate. O traballo das persoas que non traballan todo o ano, ou traballan a tempo parcial, independentemente da duración do seu traballo, ou o traballo estacional, cóntanse como fraccións de UTA.

Por debaixo de 0,25 UTA este criterio non será valorable.

2.4 Incidencia sobre colectivos determinados: mozos/as, persoas maiores, mulleres e persoas con diversidade funcional (6 puntos máximo)

Os proxectos que teñan incidencia en algún dos colectivos seguintes, a puntuación será acumulativa :

CRITERIO	PUNTOS
Mulleres ou Mozos/as (<41 anos)	2
Maiores (>55 anos)ou desempregados longa duración	2
Persoas con diversidade funcional (igual ou superior 33%) ou colectivos en risco de exclusión social	2

3. Sustentabilidade ambiental; Incidencia na mellora do medioambiente (10 puntos máximo)

Valoraranse aqueles aspectos do proxecto que teñan incidencia ambiental positiva ou que contribúan a minorar os danos ou problemas ambientais existentes na zona.



CRITERIO	PUNTOS
Proxectos relacionados coa conservación da Natureza; que contribúan á biodiversidade, conservación de hábitats, mellorando a xestión dos espazos protexidos, recuperación de ecosistemas, prevención do control de pragas ou especies invasoras, así como centros de divulgación ambiental e actividades claramente relacionadas.	10
Proxectos con incidencia na loita contra o cambio climático; que empreguen un mínimo dun 10% do investimento en enerxías renovables ou contribúan á súa difusión. Así como actividades de sensibilización sobre o cambio climático ou as propias de mitigación e adaptación.	
Proxectos de agricultura rexenerativa ou biolóxica. Así como os relacionados coa Estratexia Galega de Infraestrutura Verde.	
Proxectos de xestión do Monte; que contribúan á multifuncionalidade do monte, reforzo dos servizos ecosistémicos e iniciativas de xestión conxunta.	

1.3.2.2 PUNTUACIÓNS E PORCENTAXES DE AXUDA

A nota e corte para os proxectos non produtivos será de 35 puntos a puntuación mínima, para poder ser subvencionado e de 75 puntos a nota de corte máxima.

Unha vez definidas a nota de corte, se lle asignará a porcentaxe de axuda máxima calculada mediante unha relación proporcional directa cos puntos obtidos no baremo, axustada esta porcentaxe a un decimal.

A máxima porcentaxe que se terá en conta para o cálculo desta relación proporcional directa, será a correspondente ó rango de prioridade no que se clasifique o proxecto, é dicir, 90 % se é de prioridade alta, 70 % se é de prioridade media, ou 50 % cando se trate de prioridade baixa.

Consideraranse proxectos non produtivos de prioridade alta: (Intensidade de axuda: máximo 90 % e mínimo 50 %) os seguintes:

- Aqueles que fomenten a inclusión social mediante servizos de igualdade e benestar á poboación, a integración de comunidades marxinais e de inmigrantes, o coidado das persoas maiores e a promoción dun envellecemento activo saudable.
- Os proxectos de economía circular.
- Os proxectos orientados a valorizar o produto local, a mellorar a ordenación do territorio e facilitar a recuperación e mobilidade de terras agrarias regulados na normativa vixente.
- Proxectos que contribúan á biodiversidade, a conservación de hábitats ou á prevención de incendios forestais, mellorando a xestión dos espazos, a recuperación de ecosistemas ou a multifuncionalidade do monte. Recuperacións paisaxísticas, actividades ambientais e centros de interpretación da natureza
- Os proxectos que fomenten o emprendemento.
- Os vencellados as actuacións de mellora da eficiencia enerxética, emprego de enerxías renovables e economía circular.
- A mellora da accesibilidade ás tecnoloxías da información e comunicación (TIC), así como o seu uso no medio rural (tele centros, aulas de informática, plataformas dixitais de servizos á poboación xeral, uso da «internet das cousas» e proxectos de dixitalización de servizos ou infraestruturas públicas).



Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

- Os investimentos ligados a aldeas intelixentes (smart villages), así como os proxectos que se executen en aldeas modelo ou en desenvolvemento dos instrumentos contidos na Lei de recuperación da terra agraria de Galicia.

Consideraranse proxectos non produtivos de prioridade media: (Intensidade de axuda: máxima 70 % e mínima 45 %)

- As actuacións de recuperación patrimonial, etnográfica, centros de interpretación, museos, intervencións arqueolóxicas, recuperación de construcións de interese arquitectónico, social ou cultural.
- Os Centros de promoción de recursos ou puntos de información turística.
- A rehabilitación e equipamento de edificios destinados a locais sociais.

Consideraranse proxectos non produtivos de prioridade baixa: (Intensidade de axuda: máxima 50 % mínima 30 %)

- Infraestruturas de lecer, ludotecas, áreas recreativas, parques ou espazos de ocio.
- Instalacións deportivas, en coordinación co mapa de dotacións da Xunta de Galicia.
- Sinalización de recursos turísticos
- Participación en certame, eventos, feiras, edición de libros, mapas, guías, páxinas web e concursos vinculados á valorización dos recursos do territorio.
- Instalacións hípcas ou cinexéticas.
- Eventos de difusión ou estudos vinculados á valorización dos recursos do territorio.

Para estes efectos terán consideración de non produtivos aqueles que non supoñan o inicio ou desenvolvemento dunha actividade económica e/ou non estean afectos a unha actividade económica.

Así mesmo, terán este carácter aqueloutros proxectos de interese público que, aínda constituíndo unha actividade económica, ou estando afectos a unha actividade económica, non incidan sobre o réxime de competencia do territorio (concello) de que se trate, e sempre que estean promovidos por unha entidade pública local ou unha entidade sen ánimo de lucro.

CRITERIOS DE DESEMPATE

Dado que neste período os proxectos se resolverán por concorrencia competitiva, prevese un mecanismo de prioridade para resolver posibles empates na puntuación de proxectos.

Así no caso de empate terá prioridade o proxecto que obtivese mais puntuación no criterio II do baremo referido a incidencia no emprego. De persistir o empate, atenderase a puntuación obtida no criterio I de localización xeográfica. Se aínda así persistise o empate, terá prioridade a data de presentación da solicitude.



1.4 Memoria descriptiva do BAREMO.

Os criterios do Baremos, no caso dos proxectos produtivos estruturase en catro bloques principais;

- 1.- Situación xeográfica.
- 2.- Impacto sobre o territorio e a poboación rural
- 3.-Sustentabilidade ambiental
- 4.-Capacidade de arrastre do proxecto.

No caso dos non produtivos estruturarase unicamente nos en 3 primeiros;

Proxectos produtivos:

1.- Situación xeográfica, a puntuación derívase das características e condicións do lugar onde se instala o proxecto.

Neste caso os criterios valoran 4 ítems;

- As Características económicas do concello en que se localiza o proxecto, expresada a partir do Indicador Municipal de Renda dos Fogares (IMRF) do ano 2018.
- As características demográficas do concello no que se localiza o proxecto, medida a través da taxa de envellecemento da poboación e da Variación relativa da poboación 2010-2020.
- A poboación do núcleo ou entidade de poboación onde se localiza o proxecto.

Este primeiro bloque esta relacionado co primeiro dos Obxectivos Xerais e co 2º dos obxectivos específicos “Atención ás necesidades sociais nun marco de equidade territorial”. Este obxectivo presenta 3 liñas estratéxicas principais, da que a primeira, a LE3 sería a máis directamente relacionada; “Apoio á dotación de equipamentos e servizos que reforcen a atención ás necesidades sociosanitarias e promovan a calidade de vida da poboación”.

Trátase de aplicar unha discriminación positiva cara a aqueles territorios con indicadores máis rurais para priorizar os investimentos nos mesmos de cara a procurar a referida “equidade territorial”.

2.- Impacto sobre o territorio e a poboación rural.

Aquí valóranse os seguintes ítems;

- As Características do promotor, segundo o proxecto este promovido por persoas físicas ou xurídicas. E en ambos casos discriminando positivamente aqueles con presenza de mozos ou maiores de 55, mulleres e persoas con discapacidade. No caso das figuras xurídicas destácase aquelas asociadas á economía social.
- A incidencia no emprego; Valorarase en base ó número de empregos directos creados ou conservados para cada proxecto. Primando aqueles que teñen un maior ratio emprego/investimento e os que contemplan mozos ou maiores de 55, mulleres, persoas con discapacidade e os colectivos en risco de exclusión social.



Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

Este segundo bloque esta relacionado igualmente co primeiro dos Obxectivos Xerais e co 2º dos obxectivos específicos “Atención ás necesidades sociais nun marco de equidade territorial”. Si ben nesta ocasión serían a LE4 “Promoción dun entorno poboacional sensibilizado e implicado na perspectiva da igualdade de xénero” e a LE5 “Fomento dun entorno social sensibilizado coa perspectiva do respecto á diversidade” son as máis directamente relacionadas.

Iguamente ao valorar tanto os posibles promotores como os colectivos que xa traballan ou a contratar incidese na discriminación positiva en aras da equidade territorial e das persoas.

3.- Sustentabilidade ambiental

Valorarase aqueles aspectos do proxecto que teñan incidencia ambiental positiva ou ben que contribúan a biodiversidade e a conservación de hábitats, a minorar os danos ou problemas ambientais existentes así como a adaptación e mitigación ao cambio climático .

Terase en conta, no marco destes proxectos cunha incidencia positiva, que estean ubicados en concellos con espazos en Rede Natura ou ben que estean declarados como “Concellos de montaña”. Ademais valorarase o emprego de técnicas de enerxías renovables ou mellora da eficiencia enerxética, así como o referido feito de que contribúan á biodiversidade e conservación de hábitats, á prevención de incendios forestais, a multifuncionalidade do monte e a silvicultura sostible, a agricultura biolóxica ou a xestión de recursos hídricos.

Preténdese contribuír a acadar o obxectivo específico Nº6 “Fomentar un entorno sostible e integrador” que é o decididamente ambiental na EDLP., a través das 4 liñas estratéxicas do obxectivo;

- LE 15 Fomento dun territorio concienciado e sensibilizado cos valores da sostibilidade ambiental.
- LE 16 Promover a recuperación e conservación de elementos crave do patrimonio natural e do mantemento da biodiversidade.
- LE 17 Promoción de prácticas exemplarizantes dende as Institucións Municipais.
- LE 18 Fomentar a defensa contra o cambio climático.

4.- Capacidade de arrastre do proxecto

Nesta ocasión analízase;

- Se estamos ante un proxecto que supoña a nova creación de empresas ou de novas áreas de actividade.
- A capacidade de arrastre en función do nivel de investimento.
- Que incidan en sectores de actividade establecidos como clave na EDLP; sector agroforestal e servizos sociosanitarios así como as accións relativas a redución da pegada ecolóxica.



O primeiro dos criterios está aliñado co Obxectivo Específico 3 e concretamente a LE 6 “Apoio á xeración de iniciativas de emprendemento”, mentres que o terceiro incide entre outros na LE 7 “Promover prácticas máis sostibles na actividade das PEMES”.

Este último debido a que é moi amplo ten relación co Obxectivo Específico 4 “Apoiar a transición cara a un sistema agroalimentario territorializado” e as catro LE que o compoñen; LE 9, LE 10, LE 11, LE 12. Así como co Obxectivo Específico 5 “Promover unha xestión eficiente do espazo forestal” as dúas LE, a LE 13 e a LE 14 e o Obxectivo Específico Nº6 “Fomentar un entorno sostible e integrador” a través da LE 18 “Fomentar a defensa contra o cambio climático”.

Por último o segundo criterio premia o volume de investimento entendendo que este conlevará un maior impacto xeral e avanzará máis decididamente na consecución dos OE e LE nas que incida o proxecto concreto de que se trate.

Proxectos non produtivos:

1.- Situación xeográfica, a puntuación derívase das características e condicións do lugar onde se instala o proxecto.

Os criterios son os mesmos que para proxectos produtivos.

2.- Impacto sobre o territorio e a poboación rural e capacidade de arrastre.

Aquí valóranse os seguintes items;

- As Características do promotor, segundo o proxecto sexa de promoción pública ou privada. En ambos casos discriminando positivamente aqueles participados por varias entidades (a través de colaboración) e con presenza de colectivos priorizados no segundo caso.
- A tipoloxía do proxecto segundo as prioridades expresadas no Baremo.
- A creación de emprego.
- A incidencia nos colectivos priorizados; mozos, mulleres, maiores, persoas con discapacidade ou risco de exclusión social.

Este bloque está relacionado co primeiro dos Obxectivos Xerais e co 2º dos obxectivos específicos “Atención ás necesidades sociais nun marco de equidade territorial”, a través da LE4 “Promoción dun entorno poboacional sensibilizado e implicado na perspectiva da igualdade de xénero” e a LE5 “Fomento dun entorno social sensibilizado coa perspectiva do respecto á diversidade” son as máis directamente relacionadas. LE que vense reforzadas ao valorar tanto os posibles promotores como os colectivos que xa traballan ou a contratar incídese na discriminación positiva en aras da equidade territorial e das persoas.

Polo que respecta ao criterio da tipoloxía, ao priorizar estanse reforzando ás LE con relación directa cos sectores de prioridade alta;



Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

LE Nº 3 Apoio á dotación de equipamentos e servizos que reforcen a atención ás necesidades sociosanitarias e promovan a calidade de vida da poboación.

LE Nº 6 Apoio á xeración de iniciativas de emprendemento.

LE Nº 7 Promover prácticas máis sostibles na actividade das PEMES.

LE Nº 9 Fomento da produción agroalimentaria.

LE Nº 10 Reforzar a viabilidade da produción agroalimentaria a través da transformación.

LE Nº 11 Favorecer o consumo de alimento de proximidade e sostibles no territorio.

LE Nº 15 Fomento dun territorio concienciado e sensibilizado cos valores da sostibilidade ambiental.

LE Nº 16 Promover a recuperación e conservación de elementos crave do patrimonio natural e do mantemento da biodiversidade.

3.- Sustentabilidade ambiental

Valorarase aqueles aspectos do proxecto que teñan incidencia ambiental positiva ou ben que contribúan a biodiversidade e a conservación de hábitats, a minorar os danos ou problemas ambientais existentes así como a adaptación e mitigación ao cambio climático .

Valorarase positivamente o emprego de técnicas de enerxías renovables ou mellora da eficiencia enerxética, así como o referido feito de que contribúan á biodiversidade e conservación de hábitats, á prevención de incendios forestais, a multifuncionalidade do monte, a agricultura biolóxica ou a xestión de recursos hídricos.

Preténdese contribuír a acadar o obxectivo específico Nº6 “Fomentar un entorno sostible e integrador” que é o decididamente ambiental na EDLP., a través das 4 liñas estratéxicas do obxectivo;

- LE 15 Fomento dun territorio concienciado e sensibilizado cos valores da sostibilidade ambiental.
- LE 16 Promover a recuperación e conservación de elementos crave do patrimonio natural e do mantemento da biodiversidade.
- LE 17 Promoción de prácticas exemplarizantes dende as Institucións Municipais.
- LE 18 Fomentar a defensa contra o cambio climático.

1.5 Mecanismos que garantan os principios de obxectividade, publicidade, imparcialidade, e libre concorrência.

O GDR SEITURA 22, axustará a súa actividade aos principios de colaboración, obxectividade, imparcialidade, eficacia, eficiencia, transparencia, publicidade e libre concorrência, tal como recolle no artigo 6.1 e 6.2 dos seus estatutos.

Tal como se ten dito, haberá libre concorrência e obxectividade tanto na selección do equipo técnico, como na selección de proxectos ou de provedores para garantir, ademais, do cumprimento dos criterios establecidos por AGADER nas Bases Reguladoras, os propios criterios definidos na EDLP,



para a priorización de proxectos, así como para garantir a moderación de custes na decisión da compra final, con criterios de eficiencia e eficacia.

Por outra parte rexera o principio de igualdade, de xeito que non se dea un tratamento diferente a situacións iguais, nin se traten igual situacións diferentes.

Non se produciran actuacións discriminatorias, de xeito que non se produzan diferenzas de trato fundadas en motivos persoais, nin noutras circunstancias alleas as normas do GDR para a xestión da estratexia, particularmente referidos aos criterios de selección e priorización de proxectos.

Os mecanismos que se porán en marcha serán, entre outros, facilitar a máxima información e transparencia das decisións que se adopten no GDR, colocando a información nos taboleiros de anuncios dos concellos, na publicación de medios de comunicación, nas páxinas web e redes sociais do GDR e dos concellos, da paxina web de AGADER das convocatorias e concursos que se produzan.

Levantaranse actas de tódolos acordos tomados polos órganos de decisión e comprobarase o cumprimento dos requisitos para a concesión das axudas.

Manterase durante todo o período o principio de portas abertas para incorporar a tódalas entidades que o desexen e cumpran cos criterios de admisión.

O principio de concorrencia das entidades adxudicatarias, garantirase coa achega de alomenos tres ofertas de diferentes empresas interesadas na realización do servizo que se precise.

1.6 Procedemento para evitar conflito de interese.

O Regulamento (UE, Euratom) nº 966/2012 do Parlamento Europeo e o Consello, de 25 de outubro, explicita no seu artigo 57 o seguinte:

“1. Os axentes financeiros e demais persoas implicadas na execución e xestión, incluídos os actos preparatorios ao respecto, a auditoría ou o control do orzamento non adoptarán ningunha medida que poida carrexar un conflito entre os seus propios intereses e os da Unión.

De presentarse semellante caso, o axente de que se trate absterase de actuar e elevará a cuestión ao ordenador delegado que, a súa vez, confirmará por escrito a existencia dun conflito de intereses. O axente de que se trate tamén informará ao seu superior xerárquico. En caso de que se constate a existencia dun conflito de intereses, o axente de que se trate cesará todas as súas actividades respecto do expediente. O ordenador delegado adoptará persoalmente calquera outra medida suplementaria apropiada.

2. Existirá conflito de intereses cando o exercicio imparcial e obxectivo das funcións dun axente da execución do orzamento ou dun auditor interno véxase comprometido por razóns familiares, afectivas, de afinidade política ou nacional, de interese económico o por calquera outro motivo de intereses comúns co beneficiario.”



Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

Asómesmo, a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico da Sector Público, na sección 4ª Abstención e recusación cita no seus artigos 23 e 24, relativos á abstención e recusación, as causas polas que as autoridades e o persoal ao servizo das Administracións, absteranse de intervir no procedemento, tendo a obriga de comunicar, sempre que se produzan conflitos de intereses.

Así pódese concluír, que se entende como conflito de interese nun Grupo de Desenvolvemento Rural, cando un membro do órgano de decisión, léase Asemblea ou Xunta Directiva, xerencia, ou persoas da equipa técnica, teñen un interese persoal que pode influenciarlle á hora de tomar unha decisión dentro do desempeño de seu cargo.

Este factor, de clara subxectividade e partidismo, entra en colisión cos principios substanciais que deben rexer unha política de transparencia na xestión de fondos públicos.

Neste senso, xa os Estatutos da Asociación Seitura 22, no seu título IV, Artigo 6º recolle : "Cando algún membro do comité de avaliación ou dos órganos decisorios, teña algún tipo de relación profesional e/ou persoal, ou interese co promotor do proxecto obxecto de valoración ou votación, non poderá formar parte nin da valoración, nin da votación, debendo ausentarse, nese punto da reunión quedando constancia diso na acta, con explicación motivada e recollendo a hora da ausencia e o momento no que se volve a incorporar, co fin de garantir que non se produza o conflito de intereses".

A maiores, o Grupo definirá un procedemento para evitar conflitos de intereses nos membros dos órganos de avaliación e decisións no que constará o seguinte contido:

- Deberá xuntarse a cada expediente unha declaración expresa asinada por todas as persoas que participen na selección dun proxecto (membros da Xunta Directiva, da Asemblea e da equipa técnica) e que sinale que non teñen ningún interese persoal ou profesional directo na selección do citado proxecto.
- Se un membro do comité de avaliación ou decisión do GDR Seitura22 ten algún tipo de relación profesional ou persoal co promotor do proxecto, ou calquera interese profesional ou persoal nel, debe presentar unha declaración escrita explicando a natureza da relación ou interese, a cal deberá formar parte do expediente. Calquera interese común deberá declararse, incluídos os familiares, afectivos, políticos ou económicos.
- Se un membro do comité de avaliación ou decisión está na situación descrita no parágrafo anterior, non poderá participar no proceso de avaliación ou selección, nin atoparse presente durante o debate da proposta do proxecto. Esta circunstancia documentarase nas actas.
- Cando exista dúbida sobre o interese común entre algún membro do comité de avaliación ou selección, Seitura22 deberá remitir o asunto á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural para que adopte unha decisión sobre a efectiva existencia dun conflito de intereses.

